



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

Consecuencia do acordo plenario adoptado o 25 de abril de 2025 relativo a periodicidade das sesións plenarias no que se resolve:

Que se realice Pleno ordinario o último venres de cada mes ás 20:00 horas, e se o último venres se corresponde cun festivo, ou se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, ou da natureza dos asuntos a tratar, se celebre á mesma hora do venres seguinte ou anterior.

Sendo necesario á aprobación provisional do Plan municipal prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Cee, previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios, S.A.), ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido (acordo plenario de data 30 de maio de 2025), subscrito pola colaboración e constando a súa exposición inicial na Sede Electrónica de este organismo ata o 27 de xullo de 2026, non sendo posible levar o asunto a Pleno que correspondía o 31 de xullo de 2026 dado que previamente debe ser ditaminado, é polo que se convoca o Pleno ordinario para o venres seguinte, día 7 de agosto de 2026 pola natureza do asunto a tratar e aprobar.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 7 de agosto de 2026

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

a) BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O 3 DE XULLO DE 2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000009.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE

2. DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO E NON RECUPERABLE NO TERMO MUNICIPAL DE CEE PARA O ANO 2027. EXPEDIENTE Nº: 2026/X999/000229.

3. CESIÓN GRATUÍTA A ASPADEX DURANTE UN PERÍODO DE 10 ANOS, DA VIVENDA CON RC 5066701MH8555N0010RR, SITUADA NA PARAXE DOS CARBALLOS PORTAL 2 PLANTA 3ª PORTA 1, EN CEE (A CORUÑA) PARA DESTINALA A VIVENDA SUPERVISADA PARA PERSOAS USUARIAS DA ENTIDADE CON MAIOR GRAO DE AUTONOMÍA.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, OBRAS PÚBLICAS E DEPORTES

4. SOLICITUDE DE CONCESIÓN NO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE PARA O CONXUNTO DA EDAR E ÁREA RECREATIVA DE LIRES, NO TERMO MUNICIPAL DE CEE. EXPEDIENTE MUNICIPAL Nº: 2025/X999/000108.

5. ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2026. 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2026. EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2025/A008/000055.

6. APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CEE (PMPDIF). EXPEDIENTE MUNICIPAL Nº 2025/A006/000006.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

7. APROBACIÓN INICIAL DO SC 3/2026 CON CARGO O RTGX POLO IMPORTE DE 90.570,01 €. EXPEDIENTE Nº 2026/T002/000011.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PARA COÑECEMENTO:

Da núm. 643/2026 do 29 de xuño de 2026 á núm. 774/2026 do 30 de xullo de 2026.

9. MOCIÓNS DE URXENCIA.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

SEGUNDO

Infórmase, para os efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente*



Exp. 2026/G010/000010

para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

TERCEIRO

Poñer a disposición dos membros do órgano colexiado, a través do PORTAL DE CARGOS ELECTOS, habilitado na Sede electrónica de este organismo, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos.

Asinado dixitalmente o marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee:
D^a Margarita Lamela Louzán.